

CURRÍCULO

Educación secundaria obligatoria

3º Música

1. Música

1.1 Introducción

A cultura e as expresións artísticas enténdense e serven como reflexo das sociedades pasadas e presentes. A música, como ben cultural, como linguaxe universal e medio de comunicación non verbal, constitúe un elemento de gran valor na vida das persoas. A súa repercusión supera a propia individualidade artística cara a outros campos do coñecemento, pois xa desde a antigüidade se establecen vínculos con outras manifestacións escénicas, como a danza ou o teatro. Na actualidade, estamos en contacto permanente con ela. Ademais, favorece o desenvolvemento integral do ser humano, intervén na súa formación emocional e intelectual, a través do coñecemento do feito musical como manifestación cultural e histórica, e contribúe ao afianzamento dunha postura aberta, reflexiva e crítica no alumnado.

O desenvolvemento tecnolóxico modificou considerablemente os referentes musicais da sociedade grazas á posibilidade dunha escoita simultánea de toda a produción musical mundial a través dos discos, da radio, da televisión, dos xogos electrónicos, do cinema, da publicidade, da internet etc. Ese mesmo desenvolvemento tecnolóxico abriu, pola súa vez, novas canles para a interpretación e a creación musical, tanto de músicos profesionais como de calquera persoa interesada en facer música.

A música contribúe activamente no desenvolvemento cognitivo, emocional e psicomotor do alumnado. Na súa vertente cognitiva, a atención, a percepción, a memoria, a análise, os elementos propios da linguaxe musical e a contextualización das producións musicais, xuntamente co traballo da parte máis física relacionada coa práctica vocal e instrumental, o desenvolvemento psicomotriz fino, a mellora da lateralidade, da respiración e da posición corporal, son parte inherente do proceso de desenvolvemento da sensibilidade emocional, da empatía, do respecto cara á diversidade cultural, que se traballa a través da escoita activa, da creación e da interpretación musical.

Ademais, a materia de Música contribúe ao desenvolvemento de valores como o esforzo, a constancia, a perseveranza, a disciplina, a toma de decisións, a autonomía, o compromiso, a asunción de responsabilidades e o espírito emprendedor, innovador e crítico, que contribúen ao desenvolvemento integral da persoa.

A práctica musical mellora a memoria, a concentración, a atención, a psicomotricidade, a xestión das emocións, o fortalecemento da autoestima, as habilidades para enfrontarse a un público ou a capacidade para traballar en grupo. A música potencia o desenvolvemento de capacidades

como a comunicación oral e escrita, o pensamento matemático ou o coñecemento tecnolóxico e científico, que axudan á adquisición das competencias, e ademais contribúe a un ensino integral e axuda na maduración do alumnado.

A materia de Música na educación secundaria obrigatoria fundaméntase e constrúese desde a área de Música e Danza na educación primaria. Agora desenvolveranse as capacidades e as competencias adquiridas nos cursos anteriores e afianzaranse os contidos aprendidos previamente polo alumnado.

O currículo estrutúrase en dúas partes: unha primeira engloba os cursos de 2º a 3º da educación secundaria obrigatoria e a segunda o 4º curso desta. Para cada unha delas concretáronse uns criterios de avaliación e uns contidos, que se articulan en tres bloques e que integran os coñecementos, destrezas e actitudes que se pretenden alcanzar a través dun traballo procedementa, co fin de que os coñecementos teóricos se asimilen despois dunha familiarización e inmersión na linguaxe musical.

Na educación secundaria obrigatoria, coa materia de Música preténdense atinxir os seguintes obxectivos: o primeiro, desenvolver a identidade e a recepción cultural; o segundo e o terceiro, contribuir á autoexpresión a través da creación e da interpretación; o cuarto céntrase na produción artística e un quinto obxectivo focalízase especificamente no patrimonio musical e dancístico da Comunidade Autónoma de Galicia. O logro destes cinco obxectivos debe realizarse a partir dunha aprendizaxe baseada na práctica que lle permita ao alumnado experimentar a música e mais a danza.

Os criterios de avaliación da materia fórmulanse como ferramentas para medir o nivel de adquisición das competencias, atendendo aos seus compoñentes cognitivo, procedementa e actudinal.

Pola súa parte, os contidos articúlanse en tres bloques e integran os coñecementos, destrezas e actitudes necesarios para a consecución dos obxectivos da materia.

Baixo a epígrafe «Escoita e percepción», englobanse aqueles criterios de avaliación e aqueles contidos que se consideraron indispensables para desenvolver o concepto de identidade cultural, a través da exposición a diferentes propostas audiovisuais que permitan o achegamento do patrimonio musical e dancístico como fonte de inspiración e coñecemento das posibilidades da arte e como medio de expresión de sentimentos e emocións.

O bloque de «Interpretación, improvisación e creación escénica» pretende a aprendizaxe de conceptos clave da linguaxe musical desde o entendemento da aula como un espazo dinámico en que o alumnado se sinta cómodo expresando as súas ideas, tanto a través da utilización meditada

do seu corpo e dos instrumentos musicais como do uso libre de distintas linguaxes. O traballo baseado en proxectos grupais posibilitará descubrir a importancia de actitudes tales como a tolerancia e o respecto, a responsabilidade e o compromiso, así como a valoración da perseveranza necesaria para o dominio técnico de calquera instrumento. Este bloque de criterios de avaliación e contidos favorece no alumnado a posibilidade de sentir e de aprender a música a través da experiencia de ser músico.

Por último, baixo a denominación de «Contextos e culturas», preténdese unha aproximación aos diferentes xéneros e estilos musicais máis representativos do patrimonio musical. Con isto propónse un achegamento de maneira global e ordenada ás diferentes manifestacións musicais producidas ao longo da historia, tanto por mulleres como por homes, e que ofrezca unha visión da importancia da arte como medio de expresión.

O desenvolvemento competencial da materia focaliza a adquisición dos contidos partindo dunha aprendizaxe baseada na práctica e no desenvolvemento de habilidades que lle permitan ao alumnado vivir a experiencia da música e da danza a través da interpretación, da creación e desde a escoita activa de diferentes propostas artísticas.

En virtude de mellorar as capacidades do alumnado, deseñaranse diferentes situacións de aprendizaxe que conteñan os contidos e que, desde unha visión global, permitan a aplicación dos coñecementos adquiridos previamente. A conexión con outras materias é, a priori, máis directa coa de Educación Plástica, Visual e Audiovisual, por compartir ambas as competencias de índole artística. Con todo, é posible establecer vinculacións co resto das materias do currículo, como por exemplo a relación matemática que subxace nas relacións rítmicas e estruturais, as calidades físicas do son, a relación entre a linguaxe e a música, a simbiose do texto e o idioma coas melodías ou a necesidade de coñecer a historia para entender o porqué das diferentes expresións musicais e dancísticas.

1.2 Obxectivos

Obxectivos da materia
OBX1. Analizar obras de diferentes épocas e culturas identificando as súas principais características estilísticas e establecendo relacións co seu contexto, para valorar o patrimonio musical e dancístico como fonte de gozo e de enriquecemento persoal.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ A adquisición desta competencia implica aprender a identificar as principais características estilísticas da música e da danza de diferentes épocas e culturas, así como a relacionalas coas características do seu contexto histórico, valorando a súa importancia nas transformacións sociais das que estas artes son orixe ou reflexo. ▪ Para iso, analizaranse, desde a escoita activa ou desde o visionamento activo, obras representativas, ás cales se



accederá en directo ou a través de reproducións analóxicas ou dixitais. Resultará tamén de utilidade o comentario de textos e imaxes e a consulta de fontes bibliográficas ou doutro tipo sobre os diversos medios e soportes empregados no rexistro, conservación ou difusión destas obras. A incorporación da perspectiva de xénero nesta análise permitirá que o alumnado entenda a imaxe e o papel das mulleres nas obras estudadas, favorecendo un achegamento que axude a identificar os mitos, os estereotipos e os roles de xénero transmitidos a través da música e da danza.

- A contextualización das obras fará posible a súa adecuada valoración como produtos dunha época e dun contexto social determinados, á vez que permitirá a reflexión sobre a súa evolución e a súa relación co presente. Por este motivo, ademais de acudir aos diferentes xéneros e estilos musicais que forman parte do canon occidental, convén prestar atención á música e á danza doutras culturas e ás que están presentes no cine, no teatro, na televisión, nos videoxogos ou nas redes sociais, así como ás que conforman os imaxinarios do alumnado, identificando características e intencionalidades comúns que axuden á súa mellor comprensión e valoración. Esta comparación debe contribuír ao desenvolvemento dunha actitude crítica e reflexiva sobre os diferentes referentes musicais e dancísticos e a enriquecer o repertorio ao cal as alumnas e os alumnos teñen acceso, desenvolvendo así o seu gusto polas devanditas artes e a percepción destas como fonte de gozo e de enriquecemento persoal.
- Así, durante as actividades de recepción activa, fomentárase o desenvolvemento de hábitos saudables de escoita, sensibilizando o alumnado sobre os problemas derivados da polución sonora e do consumo indiscriminado de música.

OBX2. Explorar as posibilidades expresivas de diferentes técnicas musicais e dancísticas, a través de actividades de improvisación, para incorporalas ao repertorio persoal de recursos e desenvolver un criterio de selección das técnicas máis adecuadas á intención expresiva.

- O descubrimento e a exploración das distintas posibilidades expresivas que ofrecen as técnicas musicais e dancísticas permítelle ao alumnado adquirilas e enriquecer o seu repertorio persoal de recursos e aprender a seleccionar e a aplicar as máis adecuadas a cada necesidade ou intención.
- A improvisación, tanto pautada como libre, constitúe un medio idóneo para levar a cabo esa exploración. Na aula, as actividades de improvisación bríndanlle ao alumnado a oportunidade de descubrir e de aplicar, de maneira individual ou en grupo, diferentes técnicas musicais e dancísticas mediante o emprego da voz, do corpo, de instrumentos musicais ou de ferramentas analóxicas ou dixitais. Así, a improvisación constitúe unha ferramenta moi útil para aprender a seleccionar as técnicas que mellor se axustan ás ideas, sentimentos e emocións que se pretenden plasmar nunha determinada peza musical ou dancística.
- Por outro lado, a exploración das posibilidades expresivas a través da improvisación favorece o autoconecemento, a confianza e a motivación, e contribúe á mellora da presenza escénica e da interpretación, así como ao fomento do respecto pola diversidade de ideas e opinións, ao enriquecemento cultural entre iguais e á superación de barreiras e estereotipos sociais, culturais ou sexistas.

OBX3. Interpretar pezas musicais e dancísticas xestionando adecuadamente as emocións e empregando diversas estratexias e técnicas vocais, corporais ou instrumentais, para ampliar as posibilidades de expresión persoal.

- A interpretación individual ou grupal de obras musicais e dancísticas favorece a comprensión destas propostas e o seu recoñecemento como parte do patrimonio cultural, así como a ampliación das posibilidades de expresión persoal mediante o emprego das estratexias e técnicas vocais, corporais ou instrumentais propias desas linguaxes



artísticas.

- A voz, o corpo e os instrumentos musicais constitúen, xunto coas ferramentas tecnolóxicas, os medios de expresión para a interpretación de obras de música e danza xa existentes. Non obstante, a súa execución require o emprego de técnicas e de destrezas que deben adquirirse de forma guiada, ao mesmo tempo que se descubren e exploran as súas posibilidades expresivas. Neste sentido, resulta fundamental tomar conciencia da importancia da expresión na interpretación musical.
- A lectura e a análise de partituras, a audición ou o visionamento de obras, así como os ensaios na aula, constitúen momentos e espazos para a adquisición desas destrezas e técnicas de interpretación individual e grupal. A interpretación individual permite traballar aspectos como a concentración, a memorización e a expresión artística persoal. Pola súa parte, a interpretación grupal favorece o desenvolvemento da capacidade de desempeñar diversas funcións ou de escoitar os demais durante a execución das pezas.
- Tanto a asimilación de técnicas de interpretación como a execución de pezas dentro ou fóra da aula fan necesaria a adquisición doutras estratexias e destrezas que lle axuden ao alumnado a xestionar axeitadamente a frustración que pode xerar o propio proceso de aprendizaxe, así como a manter a concentración e a superar a inseguridade e o medo escénico durante as actuacións. Estas estratexias de control e xestión das emocións axudaránlle ao alumnado a desenvolver a súa autoestima e permitiránlle afrontar con maior seguridade as situacións de incerteza e os retos aos cales terán que enfrontarse.

OBX4. Crear propostas artístico-musicais, de xeito individual ou grupal, empregando a voz, o corpo, instrumentos musicais e ferramentas tecnolóxicas para potenciar a creatividade e identificar oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.

- A realización de propostas artístico-musicais, individuais ou colaborativas supón unha oportunidade para poñer en práctica as aprendizaxes adquiridas. Estas propostas poden ir desde a interpretación ou a creación de pezas vocais, coreográficas ou instrumentais sinxelas á organización de proxectos pluridisciplinares compartidos con outras materias.
- O proceso de creación implica seleccionar os elementos da linguaxe musical, as ferramentas analóxicas ou dixitais e os medios musicais ou dancísticos máis adecuados. Trátase de xerar discursos coherentes que combinen os contidos de modo global e que se axusten á idea e á intención do proxecto, así como ás características do espazo e do público destinatario. Ademais, débese garantir o respecto polos dereitos de autor e a propiedade intelectual.
- A capacidade de formular propostas colectivas que teñan como resultado a creación de produtos musicais ou dancísticos, xunto coa participación activa no deseño e posta en práctica destes, asumindo diferentes funcións nun contexto colaborativo, contribúen non só ao desenvolvemento da creatividade, senón tamén da capacidade de traballar en equipo. A participación nestas propostas grupais permítelle ao alumnado comprender e aprender das experiencias propias, pero tamén das experiencias das súas compañeiras e compañeiros. De igual modo, permítelle apreciar e respectar as distintas achegas e opinións, valorando o entendemento mutuo como medio para lograr un obxectivo común.
- A vivencia e a reflexión sobre as diferentes fases do proceso creativo favorecen que o alumnado descubra e identifique as oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional ligadas á música e á danza.

OBX5. Coñecer, valorar e respectar o patrimonio artístico e musical de Galicia e da contorna, a través das achegas relevantes na cultura e na sociedade galegas, para apreciar a importancia do noso acervo dentro dos procesos de globalización.



- A valoración e a interpretación das músicas e expresións artísticas de distinta índole que se dan na nosa comunidade e na nosa contorna fomentan a capacidade do alumnado de situarse e de apreciar as particularidades de cada rexión dentro das diferentes propostas culturais que se dan no mundo, o que propicia a fusión de diferentes estilos e dá lugar a novos xéneros e expresións artísticas.
- A creación de propostas musicais ou dancísticas de xeito individual ou grupal a partir das correntes artísticas locais para integralas no mundo global a través da tecnoloxía posibilita dar a coñecer o noso patrimonio e os nosos artistas dentro do mundo global, así como o fomento do respecto polo propio.

1.3 Criterios de avaliación e contidos

Terceiro curso

Materia de Música 3º curso	
Bloque 1. escoita e percepción	
Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA1.1. Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento. 	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA1.2. Establecer conexións entre manifestacións musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, valorando a súa influencia sobre a música e a danza actuais. 	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA1.3. Explicar, con actitude aberta e respectuosa, as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural. 	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA1.4. Ler partituras sinxelas identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA1.5. Comentar cun vocabulario apropiado as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas musicais estudadas, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais. 	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA1.6. Identificar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical das obras propostas que constitúen o patrimonio artístico musical galego e da nosa contorna, con actitude de respecto. 	OBX5
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Obras musicais e dancísticas: análise, descrición e valoración das súas características básicas. Xéneros da música e da danza. ▪ Voces e instrumentos: clasificación xeral dos instrumentos por familias e características. Agrupacións. 	



- Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia.
- Concertos, actuacións musicais e outras manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas.
- Mitos, estereotipos e roles de xénero transmitidos a través da música e da danza.
- Normas de comportamento básicas na recepción musical e escénica: respecto e valoración.
- Ferramentas dixitais para a recepción musical: diferentes soportes audiovisuais.
- Estratexias de procura, selección e reelaboración de información fiable, pertinente e de calidade.

Bloque 2. Interpretación, improvisación e creación escénica

Craterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA2.1. Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de técnicas musicais e dancísticas básicas, por medio de improvisacións pautadas, individuais ou grupais, nas cales se empreguen a voz, o corpo, instrumentos musicais ou ferramentas tecnolóxicas. 	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA2.2. Expresar ideas, sentimentos e emocións en actividades pautadas de improvisación, seleccionando as técnicas máis adecuadas de entre as que conforman o repertorio persoal de recursos. 	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA2.3. Relacionar manifestacións musicais e dancísticas de distintos contextos e momentos históricos, recoñecendo a súa influencia sobre a música e a danza actuais. 	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA2.4. Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA2.5. Interpretar música a través da lectura de partituras do nivel adecuado, recoñecendo a través de guías cada elemento da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA2.6. Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, dentro e fóra da aula, xestionando de forma guiada a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA2.7. Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais, tanto individuais como colaborativas, empregando medios musicais e dancísticos, así como ferramentas analóxicas e dixitais. 	OBX4
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA2.8. Participar activamente na planificación e na execución de propostas artístico-musicais colaborativas, valorando as achegas do resto dos integrantes do grupo e descubriendo oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional. 	OBX4
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ A partitura. Identificación e aplicación de grafías, lectura e escritura musical. ▪ Elementos básicos da linguaxe musical: parámetros do son, intervalos. Tonalidade: escalas musicais, a armadura e os acordes básicos. Texturas. Formas musicais ao longo dos períodos históricos e na actualidade. ▪ Principais xéneros musicais e escénicos do patrimonio cultural, con especial atención á Comunidade Autónoma de 	



Galicia.	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Repertorio vocal, instrumental ou corporal individual ou grupal de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas. ▪ Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións. ▪ Técnicas de improvisación guiada e libre. ▪ Proxectos musicais e audiovisuais: emprego da voz, do corpo, dos instrumentos musicais, dos medios e das aplicacións tecnolóxicas. ▪ A propiedade intelectual e cultural: formulacións éticas e responsables. Hábitos de consumo musical responsable. ▪ Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas. ▪ Ferramentas dixitais para a creación musical. Secuenciadores e editores de partituras. 	
Bloque 3. Contextos e culturas	
Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA3.1. Recoñecer os aspectos comúns de expresións musicais e dancísticas de épocas e culturas anteriores, valorando a súa proxección sobre a música e a danza actuais. 	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA3.2. Observar positivamente os aspectos estilísticos básicos de obras musicais e dancísticas en diferentes contextos e momentos históricos, mostrando unha actitude de consideración, atención e apertura na súa recepción, mediante a escoita ou o visionamento destas. 	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA3.3. Expoñer, de forma atenta e respectuosa, as funcións asignadas a determinadas producións musicais e dancísticas, recoñecendo a súa conexión cos aspectos máis importantes do seu contexto histórico, social e cultural. 	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA3.4. Identificar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical das obras propostas que constitúen o patrimonio artístico musical galego e da nosa contorna, con actitude de respecto. 	OBX5
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Historia da música e da danza occidental: períodos, características, xéneros, voces, instrumentos e agrupacións. ▪ Compositoras e compositores de cada período da historia da música desde unha perspectiva igualitaria e aberta, atendendo á composición na Comunidade Autónoma de Galicia. ▪ Principais composicións musicais de cada período histórico. 	

1.4 Orientacións pedagóxicas

A intervención educativa na materia de Música desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo nos distintos niveis da etapa as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto das materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que se presentan nos puntos seguintes e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

Relación entre os obxectivos da materia de Música e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída establecidos no anexo I

Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1	2-3	3		1-2	3	1		1-2
OBX2	1			2	1-3	1	3	3
OBX3	1			2	1-3	1	1	3
OBX4	1		3	2	3	1	1-3	3-4
OBX5	1-2	2-3		1	1-3	1	3	1-2-3

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe

- A asimilación dos distintos bloques de contidos, que partirá sempre da práctica para logo pasar á teorización, é dicir, a base deste currículo é aprender facendo.
- A planificación do ensino sempre baseándose en vivir a experiencia da música a través da interpretación, da creación e da escoita activa de distintas propostas artísticas.
- Os criterios de avaliación, que deben estar directamente relacionados cos obxectivos propostos, é dicir, superar con éxito os criterios de avaliación amosa o grao de adquisición destes obxectivos por parte do alumnado.
- O deseño de diferentes situacións de aprendizaxe que deberán incluír procedementos diversos para traballar os contidos, e sempre partindo dunha visión global, onde os novos coñecementos aprendidos completen e conecten cos coñecementos previos do alumnado e teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe que coexisten no contexto da aula, así como a atención á diversidade, proponendo sempre mecanismos de reforzo para as dificultades que se detecten.
- A importancia da relación entre a materia de Música e outras materias. Aínda que a priori a relación máis directa se dá con Educación Plástica, Visual e Audiovisual, por compartir

competencias de índole artística, tamén é posible establecer relacións coas Matemáticas, por exemplo a través das proporcións do ritmo, da estrutura musical, das calidades físicas do son; coas linguas, a través da simbiose entre texto, idioma e melodía; coa Historia, para entender os contextos de creación das diferentes obras e expresións musicais universais, e coa Tecnoloxía, a través do manexo de diferentes ferramentas dixitais para escribir, manipular o son e compondor etc.

- A consideración da materia de Música como unha materia esencial para promover o traballo en equipo e a capacidade emprendedora, dada a súa natureza grupal e creativa. Esta materia preséntase como idónea para a realización de proxectos colaborativos entre o alumnado, onde se poidan aplicar técnicas de reforzo da autoestima, da autonomía, da reflexión e da meditación sobre o grao de responsabilidade de cada un no conxunto do proxecto.